

DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria celebrada o 25 de xuño de 2021 aprobou a modificación do Regulamento de TFG do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio, quedando o texto consolidado nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V^o e Prace do sr. reitor.

V^o e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

**REGULAMENTO DO TRABALLO FIN DE GRAO EN
XEOGRAFÍA E ORDENACIÓN DO TERRITORIO DA UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO de COMPOSTELA**

(Consello de Goberno do 27 de outubro de 2016)

(Xunta de Facultade do 8 de xullo de 2016)

(Modificado en Xunta de Facultade do 12 de maio de 2021)

(Aprobada a modificación polo Consello de Goberno o día 25 de xuño de 2021)

Consideracións legais (Normativa da USC aplicable)

Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela, aprobada polo consello de Goberno de 10 de marzo de 2016

Instrución da Secretaría Xeral nº 4, do 18 de novembro de 2011 sobre revisión de traballos de Fin de Grao ou Máster.

Normativa do Repositorio da USC, aprobada no Consello de Goberno da USC do día 22 de decembro de 2011.

No *Plan de Estudos do Grao en Historia* da Universidade de Santiago de Compostela (USC) establécese que o Traballo Fin de Grao (TFG) terá 6 créditos.

No *Plan de Estudos do Grao en Xeografía e Ordeación do Territorio* da Universidade de Santiago de Compostela (USC) establécese que o Traballo Fin de Grao (TFG) terá 12 créditos.

No *Plan de Estudos do Grao en Historia da Arte* da Universidade de Santiago de Compostela (USC) establécese que o Traballo Fin de Grao (TFG) terá 12 créditos.

De acordo coa normativa citada anteriormente, a Xunta da Facultade de Xeografía e Historia, na súa reunión do 8 de xullo de 2016 acorda aprobar a modificación do Regulamento do TFG das titulacións de Graduado/a en Historia, Xeografía e Ordeación do Territorio e Historia da Arte.

Artigo 1. Obxecto

Regular o proceso de realización e presentación dos TFG no Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio.

Artigo 2. Contidos dos TFG.

O TFG consistirá na elaboración dun traballo no que se acrediten os coñecementos, competencias e destrezas adquiridas durante os estudos realizados na titulación de Grao. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción e presentación.

O TFG supón a realización por parte de cada estudante e de forma individual dun proxecto, memoria ou estudo orixinal baixo a supervisión dun ou máis titores académicos, no que se

integren e desenvolvan os contidos formativos recibidos, capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante os estudos de Grao.

Artigo 3. Funcións da Comisión de Calidade do Centro

A Xunta de Facultade delega na Comisión de Calidade do Centro (CCC) as competencias para establecer os procedementos de elaboración do TFG e a súa avaliación, sendo o coordinador de traballos fin de Grao para cada unha das titulacións o presidente da devandita comisión. En particular, no marco do establecido neste regulamento, terá as seguintes funcións:

- Propoñer anualmente a guía docente na que se determinen as diferentes formas de desenvolvemento, exposición e criterios de avaliación para o curso académico de que se trate;
- Establecer a convocatoria anual;
- Determinar os sistemas de titorización:
- Aprobar a proposta das liñas temáticas, dos temas, previa consulta aos departamentos con docencia no título, e a súa asignación;
- Decidir sobre a modificación de temas e/ou titor/a asignado/a
- Fixar as características dos traballos (extensión, formato, contido mínimo,...);
- Aprobar os tribunais de avaliación;
- Autorizar a presentación dos traballos en casos excepcionais;
- Aprobar os criterios de avaliación;
- Establecer as datas de presentación dos TFG.
- Solucionar as incidencias graves relativas a esta materia.
- Calquera outra que a Xunta de Centro lle encomende;

Artigo 4. Matrícula.

4.1 A matrícula realizarase nos prazos establecidos para a matrícula ordinaria, conxuntamente coas materias que teña pendente de superar para completar os estudos de Grao, de ser o caso.

4.2 Para poder formalizar matrícula do TFG o alumnado poderá ter pendentes como máximo 75 créditos para completar os estudos excluídos os correspondentes ao TFG.

Os/as alumnos/as de intercambio poderán matricularse desta materia. O seu réxime será o establecido no Regulamento de intercambios da USC.

4.3 A matrícula dará dereito á presentación do traballo en dúas oportunidades en calquera das convocatorias oficiais do curso no que estea matriculado.

O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de catro. No caso de *non presentado* en todas as oportunidades, considerarase consumida a convocatoria.

4.4 Para a presentación e defensa pública dos traballos fin de grao será requisito necesario ter superados todos os demais créditos do grao. A Facultade verificará que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa presentación. Para estes efectos, no caso de que na data de presentación e defensa aínda non se recepcionaran todas as actas de exame das materias do Grao, a secretaria/o da Facultade solicitará do profesorado encargado das materias que se informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia presentar os traballos na mesma convocatoria. Estes informes teranse en conta no momento da cualificación dos TFG. En ningún caso procederá a cualificación do TFG en tanto existan materias pendentes de cualificación.

4.5 Os centros, a través dos órganos que correspondan, atendendo a criterios organizativos e de programación docente, concretarán as datas para a celebración das defensas dos traballos nos intervalos temporais que determine o calendario académico. Tamén deberán definir as modalidades de defensa admitidas en cada caso, os instrumentos de seguimento e criterios xerais de avaliación.

4.6 Unha vez formalizada a matrícula, non procederá a devolución dos prezos aboados no caso de non presentarse. No suposto de que o/a alumno/a non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, considerarase unha renuncia automática polo que non se computará para os efectos de consumir convocatoria.

Artigo 5. TitORIZACIÓN DOS TFG.

5.1 Os TFG serán realizados baixo a supervisión dun titor ou titora que oriente e asista ao estudante. O/a titor/a programará sesións de traballo con cada estudante, nas que establecerá a programación das tarefas a realizar e orientará o traballo. Será responsable de expor ao estudante as características do TFG, e de axudalo no seu desenvolvemento, na procura da consecución dos obxectivos propostos, así como de realizar o seguimento e emitir informe preceptivo e confidencial sobre este seguimento no prazo que estableza o centro antes da defensa do traballo e para os efectos de que se teñan en conta para a avaliación .

A CCC poderá, excepcionalmente e de forma motivada, nomear un/ha cotitor/a coas funcións que lles asigne.

5.2 O titor ou titora será ordinariamente Persoal Docente e Investigador (PDI) das áreas que imparta docencia na propia titulación: Grao en Historia, Grao en Arte, Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio.

Excepcionalmente tamén poderán ser cotitores/as profesores/as da USC que se atopen na situación de servizos especiais, comisión de servizos, eméritos ou ad honorem e profesores doutras universidades ou persoal con vinculación permanente a Organismo Públicos de Investigación (OPI) e profesionais especializados. Non poderán ser cotitores persoal de administración e servizos, agás nos supostos de consideración como profesionais, nin o persoal

contratado con cargo ao capítulo VI, agás os que posúan titulación de máster ou teñan unha titulación que se corresponda co nivel 3 (máster) do MECES. Con carácter previa a realizar a cotitoría deberá comunicarse dita circunstancia á vicerreitoría con competencias na materia ao través do Servizo correspondente indicando a dedicación dos titores e cotitores.

5.3 Os traballos poderán desenvolverse parcialmente no marco de convenios con empresas ou institucións. Neses casos a matrícula realizarase na USC pero poderá designarse un cotitor que poderá ser persoal do centro ou Institución no que se desenvolva o traballo. En todo caso a defensa e avaliación dos traballos deberá realizarse na USC.

5.4 O recoñecemento dos labores de titoría e avaliación de TFG farase nos termos previstos anualmente na *Normativa de Programación Académica Anual*

Artigo 6. Propostas dos TFG.

6.1 A CCC arbitrará as medidas oportunas, dentro do seu ámbito de competencias, co fin de garantir que cada estudante en condicións de realizar o TFG poda facelo. En particular velará pola dispoñibilidade de oferta de propostas de TFG, correspondentes ao POD de cada curso.

A tal fin, a CCC fará unha estimación sobre o número de propostas de TFG necesarias para cada curso académico; e establecerá tamén o número mínimo de líneas temáticas para o TFG que corresponde presentar a cada unha das áreas de coñecemento adscritas á Facultade.

6.2 Os Departamentos enviarán as propostas de líneas temáticas e os profesores implicados en cada unha delas a CCC quince días despois da súa solicitude respectando un límite mínimo de dous traballos por profesor ou profesora a tempo completo e un traballo por profesor ou profesora a tempo parcial, e un límite máximo de cinco e dous traballos, respectivamente. A CCC estudará as propostas presentadas e aprobará a oferta das líneas temáticas do TFG, podendo, de estimalo conveniente, axustala, en aras a conseguir unha proposta equilibrada. Publicará a lista de propostas resultante. Cada proposta irá acompañada da seguinte información:

- a) Línea temática.
- b) Titor/a posible do TFG.
- c) Breve descrición do contido.
- d) Recomendacións (materias aprobadas, cursar determinadas materias, etc.).

6.3 No caso do TFG a desenvolver no marco de convenios con empresas ou institucións ou de intercambio de estudantes, a CCC poderá axectar a información requirida ás circunstancias concretas.

Artigo 7. Asignación de Propostas.

7.1 Será convocada no mes de setembro unha reunión co estudantado matriculado na que deberán elixir traballo entre a oferta proposta. Elixirán por orde da nota media simple dos seus expedientes académicos multiplicada polo número de créditos que teñan superados na titulación (até un máximo de 180 créditos). No caso de empate realizarase no momento un sorteo para determinar a orden de elección.

7.2 Unha vez asignadas as propostas de TFG, cada estudante deberá contactar co/a titor/a a fin de delimitar o traballo a realizar.

Artigo 8. Modificacións

De modo excepcional, tanto o/a estudante como o/a titor/a poderán solicitar a anulación da asignación do TFG, ou cambio de proxecto baixo a mesma ou diferente titorización, mediante escrito razoado remitido á CCC e presentado no decanato. A Comisión analizará o caso e, se procede, realizará unha nova asignación.

Artigo 9. Requisitos para a Presentación do TFG.

Para presentar a solicitude de defensa do TFG é requisito imprescindible ter superado todos os outros créditos necesarios para o título de grao, isto é, alomenos 234 ECTS na titulación de Historia e 228 nas titulacións de Xeografía e Ordeación do Territorio e Historia da Arte e estar matriculado do TFG. Tras consultalo co seu titor/a, cada estudante solicitará a defensa do TFG en instancia dirixida ao/á decano/a, no prazo fixado a tal fin pola CCC en cada convocatoria. Na instancia o/a estudante deberá elixir entre a opción de defensa diante dun tribunal (caso no que deberá axuntar tres copias do TFG) ou a defensa pública diante do/a titor/a con cualificación máxima de 8 (Notable) (caso no que deberá axuntar unha copia do TFG). En ambos os dous casos deberá axuntar ademais unha copia electrónica do traballo. Recibida a solicitude, comunicarse tal feito ao/á titor/a do TFG, que emitirá un preceptivo informe confidencial, que estará á disposición do Tribunal.

Artigo 10. Documentación a Presentar

10.1 A Memoria presentada amosará o traballo desenvolvido polo estudante. A Facultade poderá establecer un formato común para algúns dos elementos da Memoria, particularmente, portada e primeira folla. En calquera caso, deberá adoptar, de forma aproximada, a seguinte estrutura:

- Portada na que figuren (formato papel e formato electrónico): denominación do Grao, título do traballo, nome completo de autor/a, director/a, departamento ao que está adscrito o/a director/a, e curso académico correspondente.
- Índice dos capítulos e apartados.
- *Abstract* ou resume (unhas 200 palabras) nas linguas oficiais da Universidade e en inglés.
- Palabras chave (5) nas linguas oficiais da Universidade e en inglés.
- Introducción
- Contidos
- Bibliografía consultada

10.2 A extensión máxima, de xeito orientativo, do TFG será no Grao de Historia de 55.000 caracteres (ca. 30 páxinas), e nos Graos de Xeografía e Ordeación do Territorio e Historia da Arte de 75.000 caracteres (ca. 40 páxinas), nos que non se incluírán os anexos.

Artigo 11. Tribunais.

11.1 Os traballos serán avaliados por un tribunal, ante o que se fará a exposición e defensa pública, composto por tres profesores/as da USC que impartan docencia no Grao en Historia, Xeografía e Ordeación do Territorio ou Historia da Arte, segundo o caso, do que non poderá formar parte o titor/a do traballo.

Todo o persoal docente e investigador das áreas de coñecemento que teñan adscrito o traballo de fin de Grao da titulación está obrigado a formar parte dos tribunais de avaliación destes traballos. A determinación do número de tribunais en cada convocatoria e a designación dos seus membros é competencia da Comisión de Calidade, por proposta dos Departamentos aos que pertencen as áreas de coñecemento que teñan adscrito o traballo de fin de Grao.

Os Departamentos, antes do final do mes de novembro de cada ano, propoñen os membros do correspondente tribunal de avaliación, procurando a rotación dos/as docentes dun curso a outro e dando preferencia a aqueles/as que non teñan asignada tutela académica de traballos de fin de Grao.

11.2 A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada.

11.3 O tribunal estará formado por un/ha presidente/a, un/ha secretario/a e un/ha vogal/a, e un/ha suplente. Utilizarase o criterio de categoría docente e antigüidade para nomear o/a presidente/a, que será o de maior categoría e o máis antigo, e o/a secretario/a, que será o de menor categoría e máis novo. O/a presidente/a e o/a secretario/a exercerán como tales en todas as actuacións.

11.4 Os traballos poderán ser avaliados en defensa pública polo titor/a. Neste suposto, o/a Titor/a será o encargado/a da avaliación e cualificación que non poderá ser superior a notable (8).

Artigo 12. Exposición.

12.1 A CCC aprobará e publicará, xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico, o período das exposicións.

Entre a solicitude de defensa e a exposición do traballo deben mediar, polo menos, 7 días naturais.

12.2 O acto de defensa do TFG realizado terá unha duración máxima de 30 minutos por estudante, e terá carácter de acto público. O Tribunal poderá formular cantas preguntas e cuestións considere convenientes trala exposición do estudante; a exposición do/a alumno/a non superará os 10 minutos. A dinámica do resto do debate quedará baixo criterio do/a presidente do Tribunal.

12.3 A defensa do traballo será realizada polo/a estudante de xeito presencial. Non obstante o anterior, para casos excepcionais debidamente autorizados polas respectivas comisión con competencias na Xestión dos TFG, poderá realizarse a defensa por medios telemáticos, coas garantías que se determinen na autorización.

12.4 O alumnado que, unha vez feita a entrega do traballo e verificadas as condicións para a súa defensa, non se presente á defensa do TFG na data asignada, terá a cualificación de suspenso nesa oportunidade.

12.5 A elaboración e defensa do traballo poderanse efectuar en calquera das linguas que se utilizaron na impartición do grao conforme ao disposto na memoria de verificación do título, sempre que se poidan establecer tribunais competentes nas devanditas linguas.

Artigo 13. Criterios de Avaliación

13.1-No caso de que ningún do/s titor/es formen parte do tribunal, este poderá invitalo/s ás deliberacións.

13.2 Os membros do Tribunal realizarán un informe, segundo o modelo que se elaborará para estes efectos, no que avaliarán os seguintes aspectos:

- a) Calidade do Proxecto;
- b) Presentación escrita do TFG;
- c) Presentación Oral;
- d) Observacións;

Artigo 14. Cualificación.

14.1 A cualificación farase pública nos taboleiros de anuncios nun prazo non superior a sete días dende a súa defensa.

A cualificación final do TFG obterase como media aritmética (aproximada cunha cifra decimal) das cualificacións outorgadas polos membros da Comisión.

Os traballos terán as seguintes cualificacións: 0-4,9: Suspenso 5,0-6,9: Aprobado 7,0-8,9: Notábel 9,0-10: Sobresaliente.

14.2 Unha vez celebrada a última convocatoria para a presentación dos traballos de fin de grao do curso académico, e tendo en conta os traballos presentados, poderá outorgarse *matrícula de honra* a aqueles traballos que obtiveran unha cualificación igual ou superior a 9, sen que o número de matrículas de honra poida exceder do 5% do alumnado matriculado no correspondente curso académico. Se o número de estudantes é inferior a 20, poderase outorgar unha matrícula de honra.

14.3 Cando se constituían distintos tribunais para avaliar os traballos de fin de grao, será a CCC, unha vez celebrada a última convocatoria, a que decida e outorgue as cualificacións de matrícula de honra que correspondan.

Artigo 15. Revisión

15.1 O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisorios. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e contemplarán como mínimo dúas datas opcionais. A estes efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo.

15.2 A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do Tribunal. En todo caso deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou mediante calquera sistema que acredite a súa realización.

15.3 O procedemento de reclamación contra a cualificación será o establecido na normativa vixente relativa a avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

Artigo 16. Actas

16.1 Elaborarase unha acta individual por cada estudante e TFG, no que constará o/a titor/a académico ou cotitores/as, tribunal cualificador e o título do traballo, así como a súa cualificación e data de defensa. A acta estará asinada por cada membro do tribunal. En caso de imposibilidade de asinar a acta por algún dos membros avaliadores, esta circunstancia porase en coñecemento da Secretaría Xeral, que procederá a autorizar a sinatura da acta polo/a coordinador/a dos TFG.

16.2 As actas estarán abertas e deben ser cubertas nos tres períodos (xullo, setembro e febreiro) establecidos para tal finalidade.

Os períodos de cobertura das actas serán os que se fixen no calendario académico oficial. Só nas titulacións interuniversitarias ou conxuntas, poderán establecerse períodos diferentes de avaliación, en función dos acordos debidamente acreditados entre universidades ou do establecido nos correspondentes planos de estudos. Nestes casos deberase solicitar anualmente a correspondente autorización para a apertura das actas á Secretaría Xeral.

16.3 Finalizado o período de defensa de TFG en cada curso académico xerarase de xeito automático unha acta consolidada (acta final) para esta materia en cada unha das titulacións impartidas no centro, que conterá a todo o alumnado matriculado na materia do TFG coas cualificacións que en cada caso lles correspondada polas actas individuais, non presentado, mencións e as cualificacións obtidas polos alumnos de intercambio. Estas actas serán asinadas polo coordinador de TFG.

16.4 O alumnado matriculado que non se presentase en ningunha das oportunidades, figurará na acta consolidada coa mención “non presentado”. Nesta edición da acta tamén se incorporarán as mencións de “matrícula de honra”.

Artigo 17. TFG desenvolvidos no marco de convenios de intercambio de estudantes.

Os/as estudantes de intercambio poderán matricularse nesta materia. O seu réxime será o establecido no Regulamento de Intercambios de Estudantes da USC.

Artigo 18. Dereitos do alumnado

18.1 A propiedade intelectual dos traballos correspóndelle ao alumno/a que o realizou. No caso de realizarse os traballos no marco dun contrato ou convenio con algunha entidade ou de ser o caso, dun proxecto ou liña de investigación, os dereitos serán os recollidos no dito contrato ou convenio ou os que pacten previamente, respectando en todo caso a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual ou industrial.

18.2 Unha copia en formato electrónico dos traballos superado quedará depositada no centro para o seu arquivo e consulta, e poderá ser utilizada na USC para usos académicos e de investigación, sempre coa mención específica aos seus autores. Para estes efectos o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se traga dun traballo inédito.

18.3 As comisión con competencias en TFG poderán propoñer a publicación dos TFG que destaquen pola súa calidade no repositorio institucional da USC (Minerva), e en especial propoñeranse os dos/as alumnos/as que acaden a mención de matrícula de honra nesta materia. Os/as autores/as dos traballos propostos, co visto e prace do/a titor/a, deberán

asinar o correspondente documento para autorizar a súa difusión no que declaren que se trata dun traballo orixinal

Artigo 19. Deberes do alumnado

Os TFG deben ser traballos orixinais de elaboración propia e deben citarse debidamente as fontes que se tiveron en conta para a súa realización.

O incumprimento do indicado no apartado anterior suporá a cualificación de “suspenso” na convocatoria e o deber do/a titor/a e do tribunal que o detecte de poñelo en coñecemento da Reitoría a efectos de iniciar as accións disciplinarias que procedan, de conformidade co artigo 16 da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*.

Con carácter previo á autorización da defensa, poderá realizarse unha análise automatizada de control da vulneración de dereitos de propiedade intelectual. A partir desa análise, se a comisión con competencias en TFG considera que se vulneraron os citados dereitos, poderá denegar a defensa do traballo a aplicarase o indicado no parágrafo anterior.

Artigo 20. Uso dos TFG.

O traballo e os desenvolvementos do TFG poderán ser utilizados na Universidade de Santiago de Compostela, sempre con mención expresa aos seus autores.

Artigo 21. Formularios e normas relativas ao TFG.

A CCC proporcionará modelos oficiais para todos os aspectos relacionados co TFG. A utilización de ditos modelos oficiais é obrigatoria.

Disposición Derrogatoria:

Queda derrogado o Regulamento do Traballo Fin de Grao en Historia Xeografía e Ordenación do Territorio e Historia da Arte, aprobado na Xunta de Facultade de 21 de xullo de 2013

Disposición final.

A CCC é a encargada de velar polo cumprimento da normativa desenvolvida neste regulamento e interpretala se fose necesario.

Entrada en Vigor.

Este Regulamento será de aplicación unha vez aprobado polo Consello de Goberno e publicado no Taboleiro Electrónico da USC

ANEXO

NORMAS XERAIS PARA A EDICIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO

- 1.- Tamaño del papel: DIN A4.
- 2.- Tamaño de fonte: 12 pt
- 3.- Interlineado: 1'5 li.
- 4.- Alineación dos parágrafos: xustificada.
- 5.- Marxes: Superior e inferior 3'5 cm., derecha e esquerda: 3 cm.
- 6.- Notas a pé de páxina, pés de foto y gráficos
Tamaño de fonte: 10 pt.
Interlineado: Exacto
- 7.- Notación: Calquiera das fórmulas recollidas na Norma ISO 690-1987 ou na Norma ISO 690-2:
http://www.uc3m.es/portal/page/portal/biblioteca/aprende_usar/como_citar_bibliografia.
- 8.- Encadernación sencilla: espiral, ect.

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 30/06/2021 11:14:38.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 30/06/2021 09:18:11.

CSV: FAF4-56CB-4BA2-86FA